



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DIA 26 DE OUTUBRO DE 2015.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinteseis de outubro de dous mil quince; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro, Dona Maria López Touza e Don Javier Iglesias Sendín.-

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado vinte de outubro de dous mil quince (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

OUTORGAMENTO LICENCIA DE OBRA RIB/C/154/12.-

Visto o escrito de **Don Antonio Alvarez Martínez** en representación de Autos González S.L., onde solicita Licenza de ampliación de Obra para depósito de almacenamento de gasoleo A e surtidor na nave industrial sita na parcela nº 20 do Parque Empresarial, en Ribadavia, segundo Proxecto presentados.

Visto o informe técnico da Arquitecto Municipal de data 22 de outubro de 2015 no que se informa favorablemente a realización de ditas obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

1. Conceder licenza de obras para depósito de almacenamento de gasoleo A e surtidor, a Don Antonio Alvarez Martínez en representación de Autos González S.L., na parcela nº 20 do Parque Empresarial, en Ribadavia.

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.



A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 196.2 da LOUGA, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: Deposito de almacenamento de gasoleo A e surtidor.

Contía na que se orzan as obras: 34.544,45 €

Situación e emprazamento das obras: parcela nº 20 do Parque Empresarial, en Ribadavia.

Redactor do proxecto: Don Eugenio Iglesias Novoa.

Dirección das Obras: Eugenio Iglesias Novoa.

Nome ou razón social do promotor: Don Antonio Alvarez Martínez en representación de Autos González S.L..

Prazos: O prazo de inicio das obras é de un (1) mes e o prazo de remate de tres (3) anos a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

Liquidación do ICIO : Visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 35.544,45 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, por importe de 924,37 euros.

Importe execución material / coste da obra:	35.544,45 €	
Importe do ICIO, 2,6% do apartado anterior (mín. 42€):	924,16 €	
Aboado por autoliquidación:		
Cantidade que deberá aboar adicionalmente:	924,16 €	

Outras condicións:

- As obras deberán axustarse os proxectos e documentación anexa aportada o expediente.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-



OUTORGAMENTO LICENCIA DEFINITIVA DE APERTURA OU ACTIVIDADE RIB/C/154.12/12.-

Visto o escrito de **Don Antonio Alvarez Martínez, na representación de Autos González S.L.**, con domicilio na rúa Coruña nº 9, baixo, Ourense, no que solicita Licenza definitiva de apertura de actividade para nave industrial para garaxe de autobuses, na parcela nº 20, 1ª fase, do Parque Empresarial de Ribadavia sito en San Cristovo, segundo documentación técnica que obra no expediente.

Visto o informe técnico da Arquitecto Municipal de data 22 de outubro de 2015, o cál e favorable.

Consta con licencia de obra e provisional de actividade concedida pola Xunta de Goberno Local de data 19 de agosto de 2013.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

Conceder licencia definitiva de actividade a **Autocares Gonzalez S.L.** para nave industrial para garaxe de vehículos na parcela nº 20, 1ª fase, do Parque Empresarial de Ribadavia sito en San Cristovo, quedando supeditado o outorgamento da licencia de apertura definitiva ou de apertura e entrada en funcionamento, o pago da taxa correspondente.

Outras condicións:

- As actividade deberá axustarse a documentación técnica e anexa aportada o expediente.
- O interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 1.479,32 euros, en concepto de dereitos de concesión, sen o cal este acordo ficará nulo e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo apertura de establecementos”.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Da Xefatura Territorial da Conselleria de Sanidade, circular nº 9/2015 sobre Sistemas de infomación sobre Piscinas, SILOE.

- Convenio de Colaboración entre a Vicepresidencia e Conselleria de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Ribadavia para a cesión en propiedade dun vehículo policial para a utilización polo persoal do Corpo de Policía Local.

- Da Xefatura Territorial da Conselleria de Sanidade, circular nº 11/2015 sobre fomento vacinacion antigripal 2015.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-



APROBACION DE CORTE DE SUBMINISTRO DE AUGA.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o listado de usuarios do servizo de abastecemento os que procede interrompir o subministro de auga por impago de recibos, de acordo co que establece a ordenanza fiscal que regula as taxas de subministro de auga.

LIQUIDACION DE TAXA POLA OCUPACION DE TERREOS DE USO PUBLICO CON MESAS E CADEIRAS.-

A Xunta de goberno Local, por unanimidade, presta a aprobación as seguintes liquidacións:

1.- Da Taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, no mes de setembro 2015, por importe de 2.202 euros, de acordo coa liquidación feita pola Intervención e que se adxunta a esta Resolución.

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº9/15.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº9/15, por importe de 11.250 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.



Concello de Ribadavia